

Cantareiras

A poesía popular
nas Letras Galegas 2025

Polo Correo do Vento Ilustracións: Tania Solla



© dos textos: Polo Correo do Vento SC
www.polocorreodovento.gal
© das ilustracións: Tania Solla

Edita: Lela Edicións
Corrección: Adrián Estévez

Primeira edición: 2 de outubro de 2024,
no pasamento de Josefa de Bastavales

ISBN: 978-84-126235-2-9
Depósito Legal: PO 435-2024

Impreso en
Gráficas Anduriña,
Poio, Galicia


COLECCIÓN
MULLERES
GALEGAS

Cantareiras

A poesía popular
nas Letras Galegas 2025

In memoriam
Josefa de Bastavales

Lela
EDICIÓN



O 5 de xullo do ano 2024 a Real Academia Galega reuníase en pleno para votar a candidatura homenaxeada no Día das Letras Galegas. Finalmente a opción elixida para o ano 2025 foi:

as cantareiras e a poesía popular oral, representadas por Adolfina e Rosa Casás, Eva Castiñeira, Prudencia e Asunción Garrido e Manuela Lema.



Esta homenaxe buscaba poñer en valor o labor dunhas mulleres que foron as gardiás da nosa lingua e cultura popular, transmitida por medio de cantigas e bailes. Porque non hai un pobo máis vivo que un pobo que CANTE o que lle acontece.

A RAG tamén quería premiar o labor de recollida, que consistía en ir polas vilas e aldeas do país a escoitar as pezas das cantareiras e pandeireteiras para logo poder rexistralas e que non se perdesen na memoria.



Nese traballo de recollida e recompilación é obrigado citar a Dorothe Schubarth e Antón Santamarina, por escribir o Cancioneiro Popular Galego.



Logo de cinco anos de traballo, percorrendo case todas as aldeas do país entre 1978 e 1983, conseguiron rematar os sete tomos da súa obra e ter 585 informantes.



Dorothe e Antón propuxéronse a colosal aventura de visitar toda Galicia para coñecer o noso folclore.

Ibas ao río e ibas cantando,
ibas cos cuchos e veña a cantar
ibas cortar o toxo o monte e a cantar.



Dorothe era unha moza suíza. Musicóloga e compositora, veu estudar o noso cancioneiro no ano 1978 e quedou marabillada pola nosa cultura e música tradicional. Desde aquel momento involucrouse no país: aprendeu galego e xunto co lingüista Antón Santamarina decidiu comezar este labor de recollida. Grazas a Dorothe, a Antón e ás moitas persoas que fixeron este labor de estudo e catalogación, hoxe podemos escoitar e coñecer melodías, bailes e xeitos de vivir que estaban a piques de desaparecer.



Non era unha tarefa fácil, e moitos días nin sequera gravaban nada, pero sempre pasaba algo fermoso: unha praia deserta, unha carba-lleira, unha festa, un solpor...

Así chegaba o marabilloso momento de escoitar pezas case esquecidas ou que soamente se tocaban naquel lugar.

Noutras ocasións conseguían entrar nas casas. Primeiro presentábanse, para despois comezar a falar de moitos temas, ata que chegaba o instante no que se facía a maxia e alguén se arrancaba a tocar algo.



Nunha destas xornadas de recollida, Dorothe colleu un tren en Santiago para baixar no lugar da Igrexa, en Cereceda, onde foi buscar a Adolfina -a quen todo o mundo chamaba Dolfina- e a Rosa Casás.

Eran tía e sobriña, aínda que só se levaban un ano e máis ben parecían irmás.

Desde moi nenas, estas mulleres animaron os seráns e festas da contorna, motivo polo que eran moi coñecidas.


*As rapaciñas da vila
eu direi quen era xoven,
delgadiñas de cintura
e alegres do corazone,
ai lalalo ai lalalo.²*



Dolfina e Rosa acollérona enseguida, convidárona á cociña e ofrecéronlle unhas filloas con azucre. Máis tarde puxéronse a tocar e cantar. Unha cunha pandeireta e a outra batendo cunha culler nun prato, mentres o neto de Rosa tamén facía o punto cun "pocillo" contra a mesa. Dorothe quedou abraiada da cantidade de melodías que coñecían. Estas mulleres poderían tocar toda unha vida sen repetir unha peza: xotas, muiñeiras, cantos de Nadal...

Dorothe case quedou sen cintas que gravar aquela tarde, na que rexistrou dúascentas pezas.

*Bota leña nese lar,
anque sexa toxo macho,
que vai entrare a bailare
a pulga co carracho.
Ai, la la la la la
Ai, la la la la la...³*





Noutra ocasión Dorothe foi visitar a Eva Castiñeira, unha pandeireteira que vivía na Coruña, aínda que nacera na Costa de Morte, no lugar de Agranzón (concello de Muxía). Eva comezou desde moi nena a cantar e tocar a pandeireta por bailes e romarías da contorna, acompañada ás veces da súa irmá e outras veces doutras cantareiras e pandeireteiras.

*Aí vos vai a despedida,
aí vos vai a derradeira,
acabouse o chiculture,
rompeu a chicultureira.
Ai lalá lalalalalalá,
ai lalá lalalalalalá...*⁴



Eva nunca deixou de cantar, e facíao acotío mentres traballaba coma empregada do fogar na Coruña. Por cousas do destino, unha destas veces escoitou na o traballador dunha discográfica, que falou con membros do grupo Milladoiro...



E non ten ferriñas,
ferriñas non ten,
e non ten ferriñas,
pero toca ben. 5



e, ao cabo dun tempo, acabou cantando con eles nun concerto! Así é como se converteu na primeira pandeireteira en subir a un escenario folk.



formaron un grupo que tocaba nas reunións da parroquia e nos seráns da contorna.

Dorothé tamén visitou Malpica de Bergantiños, para coñecer as Pandeireteiras de Mens, cinco mulleres que, ademais de traballar a terra,



AS PANDEIRETEIRAS DE MENS

*Bailador, bailadoriño,
bailador, bailadoriño,
o que ha de ser bailadore
ha de bailar amodiño. ⁶*


Mulleres labregas que non pararon de traballar na súa vida un só minuto, e que xa chegando aos 70 anos tiveron o valor de comezar a subir aos escenarios. Tiveron un éxito colosal cando encheron o Teatro Colón da Coruña.

*E agora que van a bailar,
tódolos mozos millores,
carpinteiros e ferreiros,
xastres e labradores.
Ai, la la ai la la... ⁷*

Pero o mellor de todo foi a chea de experiencias que viviron e o contentas que estaban nas xiras que fixeron por España, Francia e Portugal, ou cando foron a Buenos Aires a tocar xunto á Asociación Folklórica Aturuxo.



Cantareiras



Este recoñecemento ás mulleres homenaxeadas nas Letras 2025 débese entender como extensible a todas aquelas que cantaron e tocaron, mantendo o noso patrimonio vivo e facéndonos máis felices nos seráns, nas lareiras, ou no descanso dos labores do agro.

Se miras ao teu arredor, se cadra tes unha veciña, unha avoa ou unha amiga que ten o saber de contar historias de hai moito tempo, ou de tocar a pandeireta, ou de coñecer cancións únicas que contan quen somos.

Aproveita e pídelles que che cante algo ou que che conte un conto, e aprende do seu saber!

Actividades:

No ano 2025 a Real Academia Galega busca poñer en valor no Día das Letras Galegas o cancionero galego e as mulleres que continuaron preservando a nosa tradición oral, representadas polas cantareiras.

1- Anímate a ser unha pequena Dorothe Schubarth e comeza a recoller pezas do nosa música tradicional.


Pasos:

A) Poñerse a buscar! De seguro que hai xente que coñeces que sabe algunha peza tradicional.

B) Identificar quen é a persoa que canta, o lugar e tamén se sabe de onde procede o tema.

C) Gravar a peza.

D) Aprendela.



2- Bota unha tarde sen ver a tele, sen xogar nalgún dispositivo electrónico e sen coller o teléfono... Así era a vida en Galicia non hai moito. De seguro que fixeches algo creativo: inventaches un xogo ou cantaches ou xogaches máis... Por que non probas máis veces?

3- Busca no dicionario os significados dos seguintes termos relacionados coa música tradicional: serán, muiñeira, pandeiro, palleta, ferreñas, fiadeiro.

4- Neste libro falamos do que é facer unha recollida a través da figura de Dorothe Schubarth. Atopa información destas persoas que compilaron cantigas: Alan Lomax, Mercedes Peón, Mini e Mero, Marcial Valla- dares, Perfecto Feijoo.

**Notas e aclaracións
para unha lectura un pouco máis profunda do libro.**

Nota 1, páxina 9: Fragmento de declaracións de Adolfinia e Rosa Casás extraído da publicación “Fuliada na Vila” de Richi Casás.

Nota 2, páxina 15: Extracto do documental “Dorothe na vila”.

Nota 3, páxina 17: Extracto de peza extraída da publicación “Fuliada na Vila” de Richi Casás.

Nota 4, páxina 19: Fragmento da peza “A danza” extraída do disco “Recollida” coordinado por Pablo Quintana. Non temos constancia de que Dorothe visitase a Eva Castiñeira, pero é unha licenza literaria para a linealidade do conto.

Nota 5, páxina 21: Fragmento da peza “A xota de Eva” de Leilía.

Nota 6, páxina 23: No ano 2025 a Real Academia Galega homenaxea na Festa das Letras Galegas a tres das Pandeireteiras de Mens: Prudencia, Asunción e Manuela porque Manuela e Teresa morreron hai menos de 10 anos. Fragmento de “Xota” extraído da publicación “Pandeireteiras de Mens” de Beatriz Busto Miramontes.

Nota 7, páxina 24: Fragmento de “Muiñeira” extraída da publicación “Pandeireteiras de Mens” de Beatriz Busto Miramontes.

Bibliografía e filmografía.

- Cancioneiro Popular Galego, de Dorothe Schubarth e Antón Santamarina
- Fuliada na Vila, de Richi Casás.
- Pandeireteiras de Mens, de Beatriz Busto
- Dorothe na vila, documental de Alejandro Gándara e Olaia Tubío.

Foron de grande axuda o traballo realizado nas seguintes webs e artigos:
<https://academia.gal/-/as-cantareiras-e-a-poesia-popular-oral-protagonizaran-o-dia-das-letras-galegas-2025>
https://www.eldiario.es/galicia/vellas-mens-pandereteiras-mediaticas-folclorizadas-franquismo-dedican-letras-galegas_1_11536440.html
<https://www.acalexandreboveda.gal/a-literatura-popular-galega-e-o-dia-das-letras/>
<https://culturagalega.gal/noticia.php?id=31874>

Queremos agradecer a todas as persoas que nos botaron unha man. Moitas grazas a Alba Faro e Marcelo Dobode polo seu asesoramento na música tradicional e axuda inmediata; a Beatriz Bustos polas aclaracións sobre as pandeireteiras de Mens; a Richi Casás por abrir os seus recordos familiares, que nos permitiron coñecer moito mellor a Rosa e Adolfinia; e a Pablo Quintana por poñer luz na biografía de Eva Castiñeira.

A poesía popular nas Letras Galegas 2025

“Foron creadoras e transmisoras
de arte e beleza malia a vida difícil
que lles tocou vivir”.

Real Academia Galega, 05/07/2024.



COLECCIÓN
MULLERES
GALEGAS

Lela
EDICIONS

PVP: 6€



9 788412 623529

